

Área: Competicións**Circular nº 04 - Temp. 25/26**

SEGURO DEPORTIVO OBRIGATORIO E DEREITOS DE PARTICIPACIÓN DA TEMPADA 25/26

A nova póliza do seguro deportivo para a tempada 25/26 terá coma data de efecto o **20/07/2025**. Para a tramitación da licenza da tempada 2025/26 deberase ter solicitado e pagado o seguro correspondente á nova póliza.

Informar que a compañía será Everest, cumprindo coas coberturas indicadas polo Real Decreto, ademais, a tramitación dos sinistros será a través da aplicación de Itegra ao igual que a tempada pasada.

IMPORTANTE: Dende a Federación Galega de Balonmán rogamos que se faga un uso responsable do Seguro Deportivo Obrigatorio: non acudindo por urxencias en casos que non requiran este servizo, asistindo aos centros concertados na medida do posible e comunicando os accidentes única e exclusivamente nos casos de competición ou adestramentos que contén co visto bo da Federación Galega de Balonmán. O mal uso do seguro provoca unha sinistralidade elevada e un incremento na prima de renovación da póliza.

Na asemblea ordinaria do 28 de xuño de 2025 analizáronse os datos e informouse de que debido á elevada sinistralidade da tempada 25-26, e sobre todo debido ao alto índice de intervencións cirúrxicas respecto aos sinistros, a mellor oferta supoñía un incremento da prima dun mínimo do 30%. Tras o estudo da sinistralidade e o remate da negociación con varias compañías, a federación optou por seguir co mesmo bróker asegurador (BMS) e asumir a maior parte da subida da prima.

Deste xeito, comunicamos os importes de cada unha das categorías tanto no referente á mutualidade coma aos dereitos de participación son os seguintes:

SEGURO DEPORTIVO

CATEGORÍA	PRIMA SEGURO TEMPADA 24-25	PRIMA SEGURO TEMPADA 25-26	VARIACIÓN %
DIV.HONRA MASCULINA (ASOBAL)	371,18€	372,28€	+ 0.3%
DIV.HONRA FEMININA	349,56€	350,56€	+ 0.2%
DIV. PRATA MASCULINA	348,86€	351,22€	+ 0.6%
DIV. OURO FEMININA	298,07€	299,52€	0.4%
DIV. PRATA FEMININA	265,53€	268,53€	+ 1.12%
1ª DIV. NACIONAL MASCULINA	295,61€	298,61€	+ 1%
SENIOR MASCULINO / FEMININO	236,85€	239,85€	+ 1.2%
XUVENIL MASCULINA/ FEMININA	158,18€	168,06€	+ 6.2%
MENORES DE 6 ANOS	12€	12€	-
OFICIAIS E TÉCNICOS	135,00€	152,21€	+ 12%
ÁRBITROS	135,00€	135,00€	-
ANOTADORES/AS, CRONOMETRADORES/AS	113,00€	113,00€	-

DEREITOS DE PARTICIPACIÓN

1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASULINA	538 €
1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA	538 €
2ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA	336 €
2ª DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA	336 €
3ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA	250 €
XUVENIL (Masc. e Fem.)	112 €
CADETE (Masc. e Fem.)	72 €
INFANTIL (Masc. e Fem.)	54 €
ALEVÍN 7	36 €
ALEVÍN 5	24 €
BENXAMÍN	24 €
RESTO CATEGORÍAS	Gratuítas

En Vigo a 18 de xullo de 2025.

